



## **INFORME**

Que se emite en relación cos pregos para a constitución do subministro de licenzas para a actualización tecnolóxica do Parlamento:

- I- Aínda que de unha primeira lectura dos pregos pode deducirse que estamos ante un contrato de subministro con pago aprazado, feito totalmente prohibido polo Art. 87-7 do Texto Refundido da L.C.S.P., con unha lectura más detida pódese chegar a cualificar o expediente como un gasto plurianual que se inicia no 2014 e traslada os seus efectos aos anos 2015 e 2016, e iso porque, si ben a prestación execútase aos tres días da formalización do contrato (entrega das licenzas), esta prestación continua executándose durante todo o período 2014 a 2016 a través da actualización anual das devanditas licencias.
- II- O gasto plurianual deste expediente, que se autoriza no 2014 con compromisos para o 2015 e 2016, cumpre os límites e anualidades do Art. 47 da Lei Xeral Presupostaría 47/2003, do 26 de novembro, e iso porque o crédito inicial da partida 01.01.111B.640 do Presuposto do 2014, ao que se imputa o gasto, é de 100.000€, e as cantidades a pagar en cada unha das anualidades son as seguintes:

<b><i>ANO</i></b>	<b><i>GASTO</i></b>	<b><i>LIMITE MAXIMO</i></b>
2014	50.436,09	-----
2015	50.436,09	(70%) 70.000
2016	50.436,09	(60%) 60.000

- III- O pagamento, en cada un dos anos, debe facerse da seguinte forma:

- 1) No 2014, unha vez asinada a acta de recepción das licenzas.
- 2) No 2015 e no 2016, unha vez que se certifique polo Xefe do Servizo a correcta actualización das licenzas.

Todo elo sen suxeitarse a data concreta algunha.

IV- Ao tratarse de un expediente anticipado de gasto previsto no Art. 110-2 do Texto Refundido da L.C.S.P., a autorización do mesmo queda suxeita á condición suspensiva da existencia de crédito no Presuposto de 2014.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2013  
O interventor xeral,



A handwritten signature in blue ink, appearing to read "F. J. G.", is placed over the typed name "O interventor xeral," and is enclosed within a large, light blue oval.